

ANUNCIO

Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 968/2023 do 20.09.2023, aprobouse a rectificación da Resolución da Alcaldía núm. 886/2023 do 24.08.2023, cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 886/2023, POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (GRUPO:A, SUBGRUPO:A1, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN:XERAL, SUBESCALA: TÉCNICA) DO CONCELLO DE FENE, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE

Expedientes: 2023/E001/00017; 2023/G003/000953; 2023/G003/001044

Por Resolución da Alcaldía núm. 676/2023 do 04.07.2023 aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de Técnico/a de Administración Xeral (grupo: A; subgrupo: A1; escala: administración xeral; subescala: técnica) do Concello de Fene.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 857/2023, de data 18.08.2023, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, outorgando un prazo de 3 días naturais para emendas a contar dende a publicación da resolución no taboleiro de edictos e na web do Concello. A dita resolución foi publicada en data 18.08.2023 no taboleiro de edictos e na web do Concello. Con iso, quedou habilitado o prazo para emendas do 19.08.2023 ao 21.08.2023, ambos incluídos.

En data 24.08.2023 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 886/2023 pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de Técnico/a de Administración Xeral (grupo: A, subgrupo: A1; escala: administración xeral; subescala: técnica) do Concello de Fene. A dita resolución publicouse no taboleiro de edictos e na web municipal o 25.08.2023.

O 24.08.2023 Juan Esteban Méndez Leiva presenta escrito co núm. Rexistro 202399900002164 no que di:

“Que tiven coñecemento da Resolución da Alcaldía núm. 857/2023. 158/08/2023, pola que se aprobaron as listas provisionais de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de prazas de técnico de Administración Xeral. Que figura como aspirante MENÉNDEZ LEIVA, JUAN cando o correcto é MÉNDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN” e solicita “Que se corrixa o nome do aspirante MENÉNDEZ LEIVA, JUAN por MÉNDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN.”

Consonte ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Tendo en conta o anterior e en uso das atribucións da alcaldía no artigo 21.1. da LRBR, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material da Resolución de alcaldía núm. 886/2023 do 24.08.2023, de xeito que no apartado segundo e en relación coa lista definitiva de persoas admitidas, aspirante número 19:

Onde di: “MENÉNDEZ LEIVA, Juan”

Debe dicir: “MÉNDEZ LEIVA, Juan Esteban”

SEGUNDO.- Notificarlle a presente resolución a Juan Esteban Méndez Leiva comunicándolle que contra a mesma poderá interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo

órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da presente notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. Alcaldesa en funcións Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 21.09.2023 pola alcaldesa en funcións Alejandra Permuy Meizoso

G-0
096
150
P-
F:
T.C